



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DESTINADAS A PERSOAS MENORES DE IDADE HOSPITALIZADAS NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a esta Consellería, actuando en nome e representación deste último, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e cos Decretos 144 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, don Fernando Suárez Lorenzo, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, (CIF Q1500325D) en nome e representación do citado Colexio, con sede na rúa Fernando III O Santo, 13, 1.º A 15701, Santiago de Compostela (A Coruña), en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 100/2016, do 7 de xullo, polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, así como pola Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

I. De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza



administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia, que integra as medidas conducentes á promoción e protección da saúde na Comunidade Autónoma galega.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia fai mención expresa aos dereitos de grupos especiais de persoas, entre eles, as persoas menores de idade -artigo 14- en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, e teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia

II. O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (en adiante, o CPEIG) é unha corporación de dereito público, con personalidade propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos fins que lle son propios, e o exercicio das súas funcións desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno, segundo establece o artigo 1 da Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia. Con posterioridade, ditouse o Decreto 100/2016, do 7 de xullo, polo que se aproban os estatutos do CPEIG.

De conformidade co Decreto 100/2016, do 7 de xullo, entre os fins do CPEIG (art. 5) están os de potenciación e mellora do uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións como instrumentos de desenvolvemento económico e social, a realización de actuacións de difusión e sensibilización orientadas ao desenvolvemento e implantación da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, así coma fomentar a formación de todas as persoas no uso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC), como medio de mellora das súas capacidades persoais en xeral e profesionais en particular, así como instrumento fundamental de integración e reciclaxe laboral.

Para acadar tales finalidades, o colexio dispón da función (art. 6) de colaborar coas Administracións públicas na realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle sexan solicitadas ou decida formular por iniciativa propia.

III. Ambas partes son conscientes das singularidades que presenta a atención integral aos /ás



pacientes ingresados menores de idade e á súa contorna familiar e social máis próxima, durante a súa estadía nos centros hospitalarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

O que se pretende coa sinatura deste convenio é poñer os medios para acadar unha estadía hospitalaria máis soportable para os/as cativos/as, e que na medida do posible continúen con actividades de lecer e formativas, aproveitando as novas tecnoloxías e os coñecementos e experiencias dos profesionais do CPEIG, poñendo á súa disposición os espazos e equipamentos axeitados.

En consecuencia, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o CPEIG acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (en adiante, CPEIG) para a realización de actividades de formación dirixidas a pacientes menores de idade ingresados/as en centros hospitalarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

As actividades conveniadas consistirán en dúas xornadas de formación en materia de robótica e programación, que se desenvolverán cada ano en cada unha das sete áreas sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Segunda. Obrigas das partes

1. Coa fin de garantir a execución do obxecto do convenio, serán obrigas das partes as seguintes:

a) O CPEIG comprométese a:

1º. Organizar e xestionar as xornadas de formación.



2º. Deseñar o programa e o seu contido, así como impartir a formación en materia de robótica e programación.

3º. Seleccionar e formar ao persoal encargado de impartir a formación, o cal deberá estar colexiado no CPEIG. O colexio comprométese tamén a sufragar os gastos a abonar en concepto de remuneración ao persoal docente, na contía de entre 90 e 100 € por xornada, agás que obteña patrocinio para o desenvolvemento de tal actividade.

b) O Servizo Galego de Saúde comprométese a:

1º. Realizar, en cada centro hospitalario onde se van levar a cabo as actividades obxecto do convenio, as xestións oportunas para habilitar os espazos e instalacións adecuadas, así como dotar a estas dos medios materiais, tanto físicos como dixitais, necesarios para esta finalidade.

Finalizada a vixencia do convenio, tal equipamento permanecerá nas áreas sanitarias, en previsión de futuras edicións ou para os usos que o Servizo Galego de Saúde determine.

2º. Organizar, en colaboración co CPEIG, as xornadas formativas.

3º. Velar polo correcto funcionamento e mantemento dos medios materiais destinados a actividades formativas.

2. Ambas partes deberán manter unha comunicación fluída para o axeitado desenvolvemento das actividades formativas e traballarán nun plan de comunicación conxunto para dar visibilidade a esta iniciativa.

Terceira. Financiamento

Este convenio non supón ningunha obriga ou contraprestación de carácter económica entre as partes asinantes e, en consecuencia, non precisa consignación orzamentaria.

Cuarta. Vixencia

O convenio terá unha vixencia de un ano ano a partir do día da súa sinatura, podendo ser prorrogado, por acordo das partes, por un período de ata catro anos adicionais, de



conformidade co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Quinta. Vinculación laboral

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do CPEIG e o Servizo Galego de Saúde, nin coa consellería de Sanidade, de tal modo que non se lle poderá esixir a estes últimos ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. Réxime xurídico e controversias.

Este documento ten a natureza dos convenios de colaboración previstos en capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e recollidos no artigo 4. e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 quedando por tanto fóra da regulación contractual, cuxos principios, con todo, aplicaranse na resolución de dúbidas e lagoas que puidesen exporse.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, mediante diálogo e negociación. Cando non sexa posible a súa resolución no seo da Comisión de Seguimento, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sétima. Comisión de seguimento

Para supervisar a execución do convenio creárase unha Comisión de Seguimento paritaria que terá como funcións a de realizar o seguimento das actividades que constitúen o seu obxecto, velar polo seu correcto desenvolvemento, así como resolver as dúbidas e cubrir as lagoas que poidan xurdir no cumprimento ou interpretación das cláusulas do convenio, así como aquelas outras que determinen as partes asinantes.

A Comisión de seguimento estará integrada por tres persoas representantes, unha por cada institución asinante, e manterá as xuntanzas periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas que se estimen necesarias a petición de calquera das



partes asinantes.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

Para o caso de que a consecuencia das actividades obxecto do convenio as partes teñan acceso a datos de carácter persoal deberán respectar o principio de confidencialidade, así como se comprometen a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Así, a aplicación do convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais (LOPD), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Novena. Modificación e cancelación

As partes poden acordar a modificación parcial dos termos do presente convenio para adaptalo a novas necesidades sobrevidas, a través da sinatura dunha addenda, previa comunicación por escrito e tras o acordo unánime.

As partes poderán denunciar o presente convenio en calquera momento, por escrito. Con independencia do dereito que as asiste nos supostos de que concorran algunhas das causas de extinción previstas na cláusula seguinte, no caso de que calquera das partes asinantes decidiran a terminación anticipada deste convenio deberán comunicarllo por escrito á outra parte coa antelación dun mes.

Décima. Causas de extinción

Son causas de extinción do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído no período de prórroga.

- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento, total ou parcial, das obrigas por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

Undécima. Rexistro de Convenios, transparencia e bo Goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración implica que ambas partes poidan facer públicos os datos de carácter persoal das persoas asinantes e calesquera outras especificacións que figuran nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezado.

Pola Consellería de Sanidade e o
Servizo Galego de Saúde



Antonio Gómez Caamaño

Polo Colexio Profesional de Enxeñaría
informática de Galicia


 Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia

Fernando Suárez Lorenzo